

Configurar o apartado cualificacións

- Entre os diferentes elementos que vaiamos introducindo nos “temas” de cada materia na aula virtual, algúns deles son “avaliables”, é dicir o mestre/a terá que corrixilos (envío de tarefas, respostas en liña escritas...) ou ben serán corrixidos automaticamente (cuestionarios e algunhas actividades das editoriais). En cada caso será asignada a unha nota para cada alumno/a.
- Podemos ver cada unha destas notas, así como as respostas que deu cada alumno entrando como mestre/a na actividade correspondente (cuestionario, tarefa, etc...)

The screenshot shows the Moodle course interface for 'Inicio Aula Virtual Ceip Plurilingüe Pedro A. Cerviño'. The user is 'Óscar Abilleira Muñiz'. The course title is 'Probas de Óscar'. The left sidebar contains a menu with items: 'oscar', 'Participantes', 'Insignias', 'Competencias', 'Cualificacións' (highlighted with a red arrow), 'Inicio', 'Taboleiro', 'Calendario', 'Ficheiros privados', 'Banco de contidos', 'Os meus cursos', and 'esinomixto_el_21_22'. The main content area shows 'Tema 1' with a forum post 'pregunta_1' and a calendar for January 2022.

- Se queremos ter “organizado” nunha ollada como vai a evolución da clase en canto “ás súas notas”, sen ter que ir entrando en cada unha das actividades deberemos usar o apartado “CUALIFICACIÓN”, unha vez estamos dentro do curso en cuestión.
- Na lista de usuarios que aparece, que serán tódolos alumnos/as matriculados no curso, poderemos acceder á súa “ficha de cualificacións”, premendo sobre a opción sinalada, onde veremos tódalas actividades cualificables no curso.

The screenshot shows the 'Informe do cualificador' (Grading Report) interface. It features a search bar for the grader, a table of users, and a 'Recomendacións e propostas...' section. The table has columns for 'Apellido', 'Nome', and 'Enderezo de correo'. The user 'zz_usuario_xenérico cuarto' is highlighted with a red circle. The 'Total do curso' is shown as 0. The 'Media xeral' is also displayed.

Poderemos ir premendo sobre cada unha das actividades para ver "o que respostou" e, unha vez correxida, aparecerá a cualificación de cada unha. No despregable da dereita podes ir cambiando de alumno, se non queres voltar á lista anterior para escollelo.

Para poder ver a lista de tódolos alumnos escolleremos no despregable superior "informe do cualificador".

Elemento de cualificación	Cualificación	Intervalo	Porcentaxe	Comentarios
Funcionamento e uso da AULA VIRTUAL				
Tarefa de enviar un documento (arquivo) de exemplo [actualización dun só ficheiro]	-	0-100	-	
Cuestionario de exemplo	-	0-10	-	
Total do curso	-	0-100	-	

Se hai cualificacións en cada unha das actividades, estas aparecerán no apartado cualificacións (antes indicado), en diferentes columnas.

Apellido	Nome	Enderezo de correo	Tarefa de enviar un ...	Cuestionario de exemplo	Total do curso
Óscar	Abilleira Muñiz	oscar_abilleira@edu.xunta.es	100,00	100,00	100,00
Media xeral			100,00	-	100,00

A cualificación, se ben aquí figura sobre 100 (a opción por defecto), pode configurarse para que se dea sobre 10. DEBEREMOS ESCOLLER A CUALIFICACIÓN MÁXIMA "A 10" no apartado de "cualificacións", cando creemos unha actividade.

Para que a nota final que se amosa (media de tódolas cualificacións das actividades do curso) sexa tamén sobre 10 debemos entrar en "cualificacións" e escoller a opción de "activar edición".

Escollemos a opción de configurar a cualificación do curso (no engranaxe)

Panel de control / Os meus cursos / Varios / Curso e probas de Óscar / Administración das cualificacións / Informe do cualificador

Desactivar a edición

Aviso: eliminación de actividade en curso. Algunhas notas están a piques de eliminarse.

Informe do cualificador

Todos os participantes: 1/1

Informe do cualificador

Nome: A B C D E F G H I L M N Ñ O P Q R S T U V X Z

Apellido: A B C D E F G H I L M N Ñ O P Q R S T U V X Z

Curso e probas de Óscar

Apellido Nome Enderezo de correo Departamento [Eliminación en curso] pr... Tarefa d eprobe

Na seguinte ventá poderemos por unha banda indicar a nota máxima e mínima (por defecto virá como 100), ou *crear categorías de cualificacións* para "agrupar as actividades", por exemplo en trimestres.

▼ Categoría de cualificación Go

Nome da categoría

Agregación

[Amosar máis...](#)

▼ Total da categoría

Tipo de cualificación

Escala

Cualificación máxima

Cualificación mínima

Agochado

Bloqueado

[Amosar máis...](#)

Poderemos tamén indicar este tipo de cualificación cando se engada cada actividade.